



CONSELLO SOCIAL

PLAN DE ACTUACIÓNS DO CONSELLO SOCIAL

DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(O presente plan de Actuacións do Consello Social dá cumprimento á obriga establecida no artigo 47.2 a) da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, no artigo 75.2 a) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia e no artigo 4.2 a) do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da USC aprobado por Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de 5 de agosto de 2014)

Aprobado polo pleno do Consello Social do 16 de febreiro de 2024

PLAN DE ACTUACIÓNS DO CONSELLO SOCIAL DA USC

1. Xustificación e necesidade dun plan de actuacións
2. Misión do Consello Social
3. Obxectivos para o período 2024-2026
4. Liñas de actuación:
 - EIXO 1: Dar a coñecer as accións da USC á sociedade e ao tecido económico
 - EIXO 2: Dar a coñecer a realidade social e económica á USC
 - EIXO 3: Romper a barreira entre o antigo alumnado e a USC e desenvolver o espírito de pertenza
 - EIXO 4: Poñer en valor a importancia e utilidade do Consello Social e dar a coñecer o seu labor á sociedade

1. XUSTIFICACIÓN E NECESIDADE DUN PLAN DE ACTUACIÓNS

O artigo 47.2 a) da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo do Sistema Universitario, o artigo 75.2 a) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, así como o artigo 4.2 a) do Regulamento do Consello Social aprobado por Orde da Consellería de 5 de agosto de 2014 establecen que deberase aprobar un plan de actuacións destinado a promover as relacións entre a universidade e o seu ámbito cultural, profesional, económico e social ao servizo da calidade da actividade universitaria.

En consecuencia, cómpre desenvolver un programa de actuacións por parte do Consello Social, que lle permita servir de ponte e de referente para que a sociedade galega poida coñecer e apoiar o labor levado a cabo pola nosa universidade. Así mesmo, o Consello Social deberá ser quen de transmitir á USC a realidade social e as demandas do tecido económico, social e cultural galego co fin de facilitar as transferencias de coñecemento e a colaboración entre ambas as dúas.

Neste labor, cómpre contar coa colaboración e implicación de todos os membros do Consello Social, atendendo ás peticións ou suxestións que se fagan chegar.

2. MISIÓN DO CONSELLO SOCIAL

A misión do Consello Social é axudar a que a USC, como servizo público, dea cumprimento ás necesidades e expectativas da sociedade e que a sociedade, ao mesmo tempo, devolva á universidade o que recibe dela, promovendo a colaboración entre ambas e a excelencia na docencia, na investigación e na transferencia do coñecemento científico, así como da súa capacidade creativa.

O Consello Social da USC inserido na estrutura universitaria, garante a participación no seu goberno das diversas forzas sociais e está constituído por personalidades da vida cultural, profesional, económica e social que non pertencen á comunidade académica, a excepción do reitor, da secretaria xeral, do xerente e dos representantes do alumnado, profesorado e do persoal de administración e servizos.

Por outra banda, cómpre rachar a barreira que ás veces existe entre a universidade e a sociedade, dando a coñecer a realidade social e económica á USC e viceversa, implicando así mesmo ao antigo alumnado coa institución na que se formou.

3. OBXECTIVOS PARA O PERÍODO 2024-2026

O Consello Social ten tres obxectivos básicos durante este período:

- Dar conta á sociedade dos logros que se están acadando nos distintos eidos de coñecemento da universidade e contribuír a dar a coñecer a realidade social e económica á USC.

- Desactivar a barreira entre antigo alumnado e USC.
- Potenciar a inserción laboral do alumnado egresado.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

EIXO 1: DAR A COÑECER AS ACCIÓNS DA USC Á SOCIEDADE E AO TECIDO ECONÓMICO

1. Fomento da colaboración da sociedade no financiamento da USC:

-Axuda e difusión dos programas de mecenado postos en marcha pola universidade a través da plataforma da USC “Sumo Valor” ou outras.

-Implicación das distintas asociacións empresariais das comarcas de Santiago e Lugo no coñecemento e financiación das investigacións e actividades que se están a levar a cabo na USC.

2. Dar a coñecer á sociedade os resultados da investigación desenvolvida pola USC.

- Servir de ligazón da USC coas institucións, entidades sociais, culturais, profesionais e organizacións empresariais, favorecendo os encontros entre representantes das distintas partes para dar a coñecer a aquelas, as investigacións que se están levando a cabo, así como dar a coñecer á universidade as necesidades do tecido económico, social e cultural galego.

-Apoiar eventos relevantes onde teña que estar representada a USC así coma nos proxectos de transferencia de coñecemento e retención de talento en colaboración coas correspondentes vicerreitorías.

-Colaborar coa vicerreitoría competente, na concesión de bolsas do Ministerio de Educación y Formación Profesional.

3. Estimular a actividade investigadora da universidade apoiando proxectos de I+D+i compartidos entre universidade e tecido empresarial, favorecendo encontros entre estes dous ámbitos.

4. Apoiar iniciativas culturais ou sociais da USC, incluídas as relacionadas coa promoción e divulgación da nosa lingua e cultura.

EIXO 2: DAR A COÑECER A REALIDADE SOCIAL E ECONÓMICA Á USC

1. Transmitir as demandas do tecido empresarial e as necesidades da sociedade galega á USC, axudando a impulsar a harmonización entre a oferta académica e as necesidades sociais.

2. Impulsar actuacións que permitan ao estudiantado o coñecemento do mercado laboral. Neste sentido, o Consello Social promoverá por si mesmo ou en colaboración con outros órganos da universidade ou coa Asociación de Antigos Alumnos da USC:

- Conferencias ou encontros para que o alumnado coñeza cales son as competencias máis demandadas no mercado de traballo así como as saídas profesionais das titulacións actuais.

- Bolsa de emprego.

- Xestión de convenios de colaboración de prácticas externas extracurriculares en empresas e institucións.

EIXO 3: ROMPER A BARREIRA ENTRE O ANTIGO ALUMNADO E A USC E DESENVOLVER O ESPÍRITO DE PERTENZA

No eido da colaboración con ALUMNI e coa universidade, o Consello Social quere promover:

1. A creación dunha rede forte de antigo alumnado que implique a posibilidade de crear contactos profesionais e que desenvolva o orgullo de pertenza.
2. Aproveitar a experiencia do antigo alumnado, que poida servir de referente ás novas xeracións.
3. *Mentoring* e orientación laboral
4. Promover a organización de conferencias ou encontros con antigos/as alumnos/as que queiran compartir a súa traxectoria profesional co alumnado actual.

EIXO 4: POÑER EN VALOR A IMPORTANCIA E UTILIDADE DO CONSELLO SOCIAL E DAR A COÑECER O SEU LABOR Á SOCIEDADE

1. Velar pola estética, funcionalidade e dixitalización do edificio da Casa da Concha.
2. Colaborar cos medios de comunicación para a difusión de novas relevantes relacionadas coa USC e co propio Consello Social.
3. Servir de ligazón coa Xunta e outras institucións para reivindicar as necesidades singulares da USC.
4. Axudar a darlle máis presenza ao Campus de Lugo.
5. Axudas, premios e distincións.

-Impulso e colaboración coa USC, cando sexa preciso, nos premios que a institución outorgue.

-Convocatoria do Premio Humanitas en colaboración con Alumni, coa finalidade de recoñecer actividades solidarias desenvolvidas por persoas físicas ou xurídicas.

-Distinción ao alumno/a mellor valorado/a nas prácticas externas extracurriculares en empresas e institucións, xestionadas a través do Consello Social.

-Recoñecemento á traxectoria profesional de persoas que realizaran os seus estudos na USC e que son referentes sociais ou destacan no seu ámbito profesional.

-Colaboración na convocatoria e/ou posta en marcha de fondos para alumnado en situación de necesidade ou asociacións estudiantís que así o requiran.

6. Calquera outra actividade amparada polas funcións e fins que a normativa atribúe ao Consello Social.